

Contra estes acordos non cabe outro recurso que o contencioso administrativo, que se podrá interpoñer, a partires de tal publicación na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locias-TRLRFL). As modificacións aprobadas non entrarán en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación. (17.4 TRLRFL).

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES*PREÁMBULO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello regula o imposto sobre bens inmobles, que se rexerá polo disposto no devandito texto legal e pola presente Ordenanza fiscal.

Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Salceda de Caselas procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos ós que a Lei remite a súa ponderación pola corporación local.

ARTIGO 1.

A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección segunda da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II da citada Lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación, se ben, respecto da cota, estarase ó que se establece nos artigos seguintes.

ARTIGO 2.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles queda fixado nos termos seguintes:

	BENS URBANOS PORCENTAXE	BENS RÚSTICOS PORCENTAXE
Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL 2/2004:	0,53	0,40

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.*PREÁMBULO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas, regula o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección

cuarta da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos ós que a Lei remite a súa regulación pola corporación local.

ARTIGO 1.

A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección cuarta da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.

En relación ás exencións establecida no art. 93.1.e) eg) e do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os suxeitos pasivos deberán solicitar ó Concello a exención, indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións do art. 93 do Real decreto lexislativo 2/2004, de marzo, e deberán xustificar os seguintes extremos:

a) Para o outorgamento da exención do art. 93.1 e), xunto coa solicitude de exención, deberá achegarse copia compulsada da seguinte documentación:

a.1) Para vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Achegar certificado da minusvalía emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de minusválido nos termos previstos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e acreditalo de acordo coa súa normativa de desenvolvemento, isto é, o Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.
- Que o permiso de circulación e o seguro do vehículo figuren a nome da persoa con discapacidade. Ademais, acompañarán xustificante de pago do último recibo do seguro do vehículo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención a nome do minusválido.
- Declaración xurada de que se trata de un vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada

a.2) No caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

- Achegar certificado da minusvalía emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de minusválido nos termos previstos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e acreditalo de acordo coa súa normativa de desenvolvemento, isto é, o Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.
- Que o permiso de circulación e o seguro do vehículo figuren a nome da persoa con discapacidade. Ademais, acompañarán xustificante de pago do último recibo do seguro do vehículo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención a nome do minusválido.
- Declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención.

c) No caso de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos:

- Declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención
- Póliza de seguro onde conste expresamente que o titular, tomador e condutor habitual do vehículo é o mesmo beneficiario desta exención.

As concesións das exencións só surtirán efecto para os períodos impositivos, aínda non devengados, seguintes ao da solicitude.

Constituirá infracción tributaria e poderá impoñerse a sanción tributaria máxima establecida pola normativa tributaria, aos suxeitos pasivos que, disfrutando da anterior exención, permitan a utilización do vehículo que da lugar á mesma por terceiros, salvo nos casos excepcionais que deberán poñer previamente en coñecemento do Concello, ou cando as circunstancias que motivaron a concesión da exención cambiasen e non se comunicara ao Concello.

A exención está subordinada á que se manteñan as circunstancias que a motivaron. No caso de revocarse a exención será de aplicación o previsto no parágrafo anterior.

ARTIGO 3.

Terán bonificación do 50% da cota do imposto os vehículos con antigüedad mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a data da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofraza dúbida sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

Esta bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións exixidas para o seu gozo e como máximo no prazo de un mes contado desde o día seguinte o finalización do período de exposición pública do padrón do imposto referido ao ano da súa aplicación.

ARTIGO 4.

1. – O imposto esixirase con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULOS	COTA
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais	15,84
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	42,77
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	90,3
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	112,47
De máis de 20 cabalos fiscais	140,58
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	104,55
De 21 a 50 prazas	148,91
De máis de 50 prazas	186,15
C) Camións:	
De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil	53,06
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	104,55
De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil	148,91
De máis de 9.999 kg de carga útil	186,15

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULOS	COTA
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	22,18
De 16 a 25 cabalos fiscais	34,85
De máis de 25 cabalos fiscais	104,55
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción:	
De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil	22,18
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	34,85
De máis de 2.999 kg de carga útil	104,55
F) Outros vehículos:	
Ciclomotores	5,55
Motocicleta ata 125 c.c.	5,55
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	9,5
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	19,01
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	38,02
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	76,04

2. – Para a aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

- a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no anexo 2º do Real decreto 2822/1998, de 23 decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.
- b) Para os efectos do cálculo da carga útil, nos casos nos que conste na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para a masa máxima tecnicamente admisible (MMTA) e para a masa máxima autorizada (MMA), aplicarase a efectos de tarifa o valor que corresponda á MMA.
- c) Entenderase por furgoneta o resultado de adaptar un vehículo de turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración do tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva.
- d) As furgonetas, vehículos mixtos, todo terreo, derivados de turismo, mistos todo terreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similares destinados a transporte mixto de persoas e cousas tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:
 - Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.
 - Se o titular do vehículo estivese de alta en epígrafe de Imposto sobre actividades económicas correspondente a unha actividade que esixa ou comporte un destino preponderante de transporte de carga tributará como camión aínda que a carga útil do vehículo fose inferior a 750 Kg.
- e) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.
- d) A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no art. 260 do Código de Circulación, onde se establece que, en calquera caso, a potencia fiscal do motor a consignar pola Consellería de Industria no certificado de características técnicas do vehículo será a que resulte de aplicar a fórmula correspondente segundo o tipo de motor expresado con 2 décimas aproximadas por defecto.

ARTIGO 5.

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición do vehículo. En este caso, comenza o 1º día do trimestre natural en que se produce dita adquisición.

2. O imposto devengarase o 1º de xaneiro de cada ano agás que se trate de 1ª adquisición, en cuio caso se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3. As alteracións no imposto como consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 6.

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación de este imposto correspondelle ao ORAL, por estar delegado polo Pleno do Concello de Salceda de Caselas, sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ó término municipal.

2. Cando se trata de vehículos de alta por priemira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que se facilita nas oficinas xerais do Concello, con carácter previo a inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

3. Os titulares dos vehiculos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que alteren a súa clasificación a efectos deste imposto, asi como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberána creditar previamente ante a Xefatura Provincial de Tráfico o pagamento do último recibo presentado ó cobro do Imposto sen perxuízo de que sexa exisibile por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están o cobro dende o 1 de xaneiro. Sea data en que o interesado debe formular a correspondente alteración é anterior o periodo de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ó exercicio ou parte deste.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Salceda de Caselas, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se tivera ou non dita licenza e, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.
- b) Derrubamentos
- c) Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.
- f) Obras que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística.